

BASES DO CONCURSO DE VÍDEO, CURTAS MÓBILES: “O COMERCIO QUE NOS MOVE”

O Centro Comercial Aberto de Marín, convoca este certame co fin de promover a cultura creativa, a participación social e o comercio local entre os escolares de 1º da ESO e 2º de BACHARELATO, do Concello de Marín, a través do cal as persoas participantes **poderán crear mensaxes vencelladas co comercio local da nosa vila.**

1.-OBXECTO

O obxectivo desta iniciativa é fomentar a creatividade, a expresión artística e o desenvolvemento das habilidades audiovisuais mediante a realización de metraxes feitas pola mocidade, onde amosen as súas inquedanzas, fomenten a empatía e os comportamentos positivos cara as temáticas obxecto do certame.

Este concurso busca ofrecer unha experiencia enriquecedora, motivadora e educativa, á vez que fomenta a creatividade nun espazo xuvenil e dixital, achegando o comercio local a un target máis novo.

2.-PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS

- Poderán participar escolares de 1º da Eso e de 2º de Bacharelato da vila de Marín.
- Os traballos teñen que ser individuais.
- Poderase presentar máis dun traballo por persoa.

3.- TEMÁTICA E CONDICIÓNS DO TRABALLO

Os participantes deberán presentar curtas que trate a temática do comercio local. Por exemplo:

- Onde mercan ou consumen na vila.
- Porque non mercan no comercio local.
- Que botan en falta no comercio de Marín.
- Que o qué máis lles gusta do comercio local.
- Comprando ou consumindo no comercio local.

Ou outro contido, que os participantes consideren pertinente, sempre e cando se atope relacionado co comercio local.

As curtas realizaranse con dispositivos móbiles.

A duración máxima será de 30 segundos.

Calidade de resolución mínima: 720p.

Formato de arquivo: MP4 o MOV, máximo 100Mb.

As gravacións faranse en Marín, preferentemente nalgún local comercial ou hostaleiro. Pode ser no interior ou diante da fachada do establecemento.

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos. Así mesmo, non poderán ser copias nin plaxios, en parte ou na súa totalidade, de obras, imaxes ou músicas, publicadas en

calquera soporte, xa sexan propios ou doutras persoas artistas ou propietarias.

Se se inclúe unha banda sonora, esta deberá estar libre de dereitos de autoría e contar coa autorización expresa da persoa titular dos dereitos para o seu uso na curtametraxe presentada. Tamén se poderá utilizar música creada especialmente para a ocasión.

Ao presentar o traballo ao concurso, as persoas participantes garanten que non achegan materiais que supoñan ningunha vulneración dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiras persoas, polo que liberan absolutamente ao Centro Comercial Aberto de toda responsabilidade derivada do incumprimento de calquera norma ou vulneración de dereitos de terceiras persoas por parte das participantes, que asumen a obriga de manter libre de toda responsabilidade ao Centro Comercial Aberto no dito caso.

Non poderán participar traballos que non cumpran as bases.

4.-SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN E PRAZOS

O prazo para a presentación dos traballos comeza o 12 de maio e rematará o 21 de maio.

Cada participante entregará o seu traballo a través do formulario que se habilitará para tal fin na seguinte ligazón <https://www.estrelademarin.gal/comercio-e-letras/>

Os/as participantes menores deberán incluír unha autorización de participación asinada polo pai/nai ou titor/a legal.

A solicitude de participación no concurso implica o coñecemento e aceptación íntegra das bases que regulan esta convocatoria, o cumprimento dos requisitos de participación esixidos, a aceptación do fallo do xurado e, no seu caso, a interpretación destas bases.

5.-PREMIOS

- 1º premio: 100€ (para gastar en calquera dos establecementos asociados) e proxección da curta, na web e redes sociais do Centro Comercial Aberto Estrela de Marín.

6.-XURADO

O xurado estará formado pola xunta directiva do CCA Estrela de Marín e polo director xerente da entidade.

O xurado valorará a mensaxe e o seu impacto, a orixinalidade e creatividade e a súa adaptación á temática escollida.

A organización e o xurado resérvanse a posibilidade de declarar deserto o certame se os traballos presentados non cumpren as bases ou non alcanzan un mínimo de calidade.

Os membros do xurado non poderán ter vínculos cos participantes.

7.- CONSIDERACIÓNS FINAIS

O Centro Comercial Aberto Estrela de Marín, non se fará responsable do contido dos traballos presentados.

As persoas participantes no certame ceden ao CCA Estrela de Marín os dereitos de explotación dos vídeos presentados e premiados, incluíndo os dereitos de uso, difusión, distribución, exhibición, comunicación pública, difusión e reprodución a través de Internet ou calquera outro medio audiovisual, mostra ou exposición. Estas transferencias realízanse de forma gratuíta e exclusiva.

O CCA Estrela de Marín, reserva tamén o dereito de utilizar as curtametraxes presentadas e premiadas con fins de promoción e/ou difusión.

As presentes bases, así como as posteriores convocatorias relativas ao concurso, publicaranse na páxina web do CCA Estrela de Marín e nas súas redes sociais.

En Marín a 12 de maio de 2025

www.estrelademarin.gal